

REGULAMENTO DO CROSS

A ANPA do CEIP Chans Bembrive, xunto co Concello de Vigo e a Entidade Local Menor de Bembrive organizan o II Cross Escolar Chans, que se celebrará o día 18 de Maio do 2025 a partir das 10:00 horas no propio centro escolar, así como nos arredores do mesmo.

1.- A carreira organízase aberta, para tod@s @s nen@s nados entre os anos 2021 e 2012, ambos inclusive. Tod@s @s nen@s estarán asegurados por un seguro de accidentes contratado por esta ANPA.

2.- As inscricións, son de balde, deberán facerse no enderezo www.xovenesatletasvigo.org A inscrición de tódalas categorías pecharase sen excepción ás 22:00 horas do día 09 de Maio de 2025. Toda solicitude de inscrición chegada con posterioridade a dito peche será rexeitada.

3.- A ANPA do CEIP Chans Bembrive non se responsabiliza dos danos físicos e/ou morais sufridos como consecuencia da participación nesta proba. Todo participante no I Cross Escolar Chans acepta, sen reserva algunha, todo o reflectido neste regulamento. Así mesmo, consente na toma de imaxes, que pasarán a formar parte do arquivo da ANPA “O Leer” ás que se lles poderá dar un uso para a promoción das actividades organizadas por esta ANPA.

4.- Os dorsais serán entregados pola organización na zona de saída da proba, sita no interior do recinto escolar, ata media hora antes do comezo da proba da categoría correspondente.

5.- Tódolos colexios estarán representados por un delegado/delegada para tratar calquera tema referente á competición co Comité Organizador.

6.- Entregaranse trofeos aos primeir@s clasificad@s de cada categoría, en ambos sexos, e medallas a tódolos nenos e nenas participantes.

Entregarase un premio ao primeiro participante en chegar do colexio Chans como “O primeiro de Chans”, se éste non fai podio na carreira correspondente á súa categoría, cando pasaría ao primeiro do Chans que non faga podio.

7.- Na carreira de Nais e Pais, so poderán participar, **nais** e **pais** que teñan nen@s que participen neste cross, esta carreira ten carácter voluntario e non competitivo.

8.- As categorías en competición, orde de saída e distancias serán as seguintes. (Dependendo do número de participantes, poderán agruparse varias categorías nunha mesma carreira)

II CROSS ESCOLAR "CHANS" ORGANIZA A.N.P.A. "O LECER" 18 de Maio de 2025

DISTANCIAS E HORARIOS

HORA	CATEGORIA	ANO DE NACEMENTO	PERCORRIDO	DISTANCIA
10:20	INFANTIL FEMININO	2013-2012	2 VOLTAS D	1500 m
10:30	INFANTIL MASCULINO		2 VOLTAS D	1500 m
10:40	ALEVÍN FEMININO	2015-2014	E	1000 m
10:50	ALEVÍN MASCULINO		E	1000 m
11:10	CARREIRA DE NAIS E PAIS		E	1000 m
11:30	BENXAMÍN FEMININO	2017-2016	C	500 m
11:40	BENXAMÍN MASCULINO		C	500 m
11:50	PREBENXAMÍN FEMININO	2019-2018	B	200 m
12:00	PREBENXAMÍN MASCULINO		B	200 m
12:15	OLIMPICOS 4 ANOS FEMININO	2020	A	100 m
12:20	OLIMPICOS 4 ANOS MASCULINO		A	100 m
12:30	PITUFOS 3 ANOS FEMININO	2021	A	100 m
12:35	PITUFOS 3 ANOS MASCULINO		A	100 m

PERCORRIDOS

Os percorridos das distintas carreiras discorrerán segundo os seguintes planos, os itinerarios estarán delimitados por cintas suficientemente visibles. Haberá voluntarios nos cruces e desvíos que se atopen nos percorridos para indicar a dirección da carreira e posibles pasos estreitos.


Para manter a seguridade na zona das carreiras solicítase ao Concello de Vigo, restrición de tráfico rodado previsto ao inicio deste documento.




Percorrido A (100m)




Percorrido B (200m)



Percorrido C (600m)



Percorrido D (750M)



Percorrido E